

A aula TEA foi un espazo creado no ano 2010 co obxectivo de escolarizar alumnado con diagnóstico TEA. Os nosos alumnos escolarízanse en **modalidade combinada** entre a aula TEA e a aula ordinaria. O alumnado intégrase na aula ordinaria naquelas materias que mellor se adapte tendo en conta, principalmente, as súas competencias. A integración realízase xeralmente cunha das profesoras da aula TEA, quen lle reforzará e adaptará as explicacións e actividades realizadas na aula ordinaria.

Nesta aula TEA traballamos dúas profesoras de Pedagogía Terapéutica con formación específica en TEA. Empregamos unha **metodoloxía específica** que parte das potencialidades e características deste alumnado:

✓ **Ensinanza estruturada (organización temporal, anticipación, organización espacial..)**

As dificultades no uso das funcións executivas son frecuentes entre o alumnado con TEA e precisan estratexias que contribúan a facilitar tanto a anticipación como a estruturación das actividades.

Na aula cada alumno dispón dun horario individual no que se anticipan as distintas actividades que se levarán a cabo durante cada xornada.



As actividades realizadas vanse retirando do horario.

Os días que non hai instituto márcanse xirando a tira correspondente a ese día.

Ademáis a aula está estruturada en distintos espazos debidamente sinalados (de traballo, de tempo libre, de ordenadores...).



Espazo de traballo.



Espazo de ordenadores.

✓ Método TEACCH

Facemos uso do método TEACCH para organizar o traballo diario de cada alumno de forma que conseguen traballar de xeito completamente autónomo.




Nestes caixóns organízase o traballo de cada sesión.



✓ **Apoios visuais (debuxos, imaxes reais, pictogramas, mapas visuais, mapas conceptuais...)**

Os apoios visuais son imprescindibles para traballar con este alumnado. Tanto para facilitar a comprensión das actividades académicas; para anticipar calquera circunstancia; como para explicar determinadas situacións cotiás.

Sempre que se utilicen apoios visuais teremos que asegurarnos da súa axeitada comprensión. A capacidade de representación e abstracción pode variar dunha persoa a outra.



Panel para identificar e comunicar posible malestar.



Mesa de traballo con apoios visuais

✓ **Aprendizaxe sen erro.**

Esta estratexia metodolóxica contribúe a minimizar a frustración. O alumnado TEA necesita os apoios necesarios para finalizar a actividade con éxito. Estes apoios iranse retirando a medida que se adquiren habilidades e se avanza na tarefa.


Na que o alumnado se sinta seguro á hora de dar a súa resposta.

✓ **Principio e fin.**

As actividades teñen un principio e un fin marcado.

✓ **Individualización e adaptación das actividades e tarefas.**

Os materiais elabóranse e individualízanse tendo en conta as características de cada alumno.



Exemplo de tarefa de explicación do significado dalgúns verbos (con apoio visual e lectura fácil)

✓ **Aprendizaxe funcional favorecendo a súa xeneralización.**

Sempre que resulta posible inténtase que o alumnado poda percibir a utilidade da aprendizaxe na súa vida.



Exemplo de tarefa identificación de distintas expresións de emocións, neste caso do enfado.

✓ **Asegura-la atención antes de comenzar a tarefa.**

Respétanse os seus tempos de atención co obxectivo de lograr una aprendizaxe máis efectiva e evitar a fatiga do alumnado.

✓ **Uso de rutinas.**

As rutinas son fundamentais para que o noso alumnado se sinta tranquilo. Calquer imprevisto dentro das rutinas anticipase nos seus horarios.



Así sinalaríamos unha excursión no seu horario.

✓ **Linguaxe clara e precisa.**

Na linguaxe oral uso de estruturas sinxelas. As instrucións deben ser claras e mostrarse cos códigos que o alumno comparte, xa sexan pictográficos ou escritos. Na linguaxe escrita uso da lectura fácil e apoio visual.

✓ **Historias sociais.**


Faise uso das mesmas con debuxos en determinadas situacións que resultan difíciles de comprender.



Historia social: cómo actuar ante un posible incendio.


✓ **Premack**

O noso alumnado sempre segue a mesma estrutura de traballo (realización de tarefas – tempo de libre). No tempo libre escollen que actividade lles apetece realizar.



*Neste pictograma de traballo
indícanse as actividades da sesión*

*Unha vez rematado o traballo
nesta parte poderá poner aquela
actividade que lle apetece realizar.*



*Nesta carpeta cada alumno ten a lista de actividades que lle gusta realizar no seu
tempo libre.*